

31 out TODXS Á FOLGA



Pola repartición. Non hai volta atrás.

O 14 de novembro a CGT, xunto con outras organizacións, convoca Folga Xeral de 24 horas en todo o Estado Español, porque o Goberno coa súa **política de recortes e reformas** en dereitos laborais, en gastos sociais, en salarios, en pensións, en Sanidade e en Educación está a **desmantelar os Servizos Públicos básicos** e levounos a unha auténtica situación de **emerxencia social**.

As devanditas políticas provocaron que 6 millóns de persoas estean no paro, que o 52% da xuventude non teña traballo e que haxa de emigrar, que máis de 700 mil persoas fosen desaloxadas da súa vivenda, que millóns de persoas estean ao borde da pobreza e que **nos estean a estafar a toda a poboación** para pagar a súa crise.

Unha Folga Xeral porque **hai amnistía fiscal aos defraudadores** e privilexios fiscais ás grandes fortunas. Unha Folga Xeral para que a crise a paguen os que a provocaron, para que se persiga penalmente os que nos estafan.

Quen estamos convocado á Folga?

Concibimos a Folga Xeral como unha **Folga que inclúa a toda a cidadanía** e que afecta a toda a poboación porque todas e todos estamos a sufrir as reformas e os recortes: traballadores, desempregados, mozos, estudantes, pensionistas, desafiuzados, excluídos, con papeis ou sen papeis... toda a cidadanía.

A Folga Xeral do 14 de novembro é, en primeiro lugar, unha **Folga Laboral**, unha Folga dos e as traballadoras para parar as empresas, os transportes, os servizos, as comunicacións e as administracións, pero é tamén unha **Folga de Consumo** para atacar ao capitalismo e redefinir o modelo depredador que está a esquilmar a vida no planeta, así como unha **Folga Social** para esixir dereitos e liberdades, para cambiar de modelo por outro que beneficie á maioría da poboación dende unha democracia directa.

Alternativas da CGT á crise

Derrogar toda a lexislación e reformas aprobadas contra os dereitos da poboación.

Protección económica abondo aos millóns de persoas desempregadas.

Moratoria nos desafiuzamentos ata a saída da crise e programa social de vivendas

Redución da xornada laboral e da idade de xubilación. **Prohibición** dos EREs, das contratas, sub contratas e horas extras.

Non á privatización da Sanidade, Educación, Transportes, Comunicación, Enerxía...

Acceso universal aos Servizos Públicos para todas e todos.

Desenvolvemento das axudas á **De-**

pendencia e repartición do traballo de **coitados**.

Reforma fiscal, que paguen máis os que máis teñen e maior tributación das empresas e grandes fortunas.

Banca Pública baixo control social que permita o acceso das familias aos recursos.

Uso do **diñeiro público** para a satisfacción das necesidades das persoas e **non para rescatar** bancos.

Abandono dunha política económica encamiñada ao **crecemento ilimitado** e substitución por outra que se inscriba nos límites de recursos do noso planeta.

O seu modelo de democracia non nos vale. Apostamos por un novo de **democracia directa**.

31 out TODXS Á FOLGA



JKAL



**Pola repartición.
Non hai volta atrás.**

CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

www.cgtgalicia.org ■ www.rojoynegro.info